



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

D. JOSÉ PARDO LOMBAO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.-

### INFORMA:

Que en datas pasadas saíron publicadas no Diario Oficial de Galicia as seguintes convocatorias de axuda:

- ➡ **Orde do 19/08/08 na que se establecen as bases reguladoras das axudas á utilización de servizos de aconsellamento por persoas titulares de explotacións agrarias e se convocan para o ano 2008 .**  
Estas axudas están destinadas a facer fronte aos custos de utilización de servizos de aconsellamento destinados a mellorar o rendemento global da explotación. Prazo de solicitude aberto ata o 26/09/08. (DOG do 25/08/08, Consell. do Medio Rural).
- ➡ **Resolución do 17 de xullo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións para o acceso das mulleres á cotitularidade de explotacións agrarias, e se procede á súa convocatoria.** O prazo de solicitude desta axuda remata o 30/10/08.(Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, DOG 1/08/08).

Informase tamén que do 8/09/08 ata o 6/10/08 estará aberto o prazo de inscrición no **TALLER DE MANUALIDADES** (encáustica, pintura en ceda, vitrais...) que terá lugar os venres a partires do 10 de outubro. Esta actividade está enmarcada dentro da Programación de Actividades de Promoción da Muller 2008. As mulleres interesadas en participar na mesma poden realizar a súa solicitude na planta baixa do Centro Cultural de Outeiro de Rei.

Igualmente, lembrase que os tres últimos venres do mes de setembro terá lugar o **Ciclo de Charlas sobre Educación e Saúde**. As charlas previstas son as seguintes:

- \* DÍA 12/09/08  
"CHARLA INFORMATIVA SOBRE FIBROMIALXIA"  
Relatora: M<sup>a</sup> Dolores Bermúdez Vázquez ( Presidenta da Asoc. Galega de Fibromialxia)
- \* DÍA 19/09/08  
"ALIMENTACIÓN SAUDABLE E PREVENCIÓN DA OBESIDADE"  
Relator: Mario Rivas Carro (ATS)
- \* DÍA 26/09/08  
"PREVENCIÓN DO FRACASO ESCOLAR DENDE O FOGAR"  
Relatora: Noelia Roel Barbeito ( Vocal da Asociación de Pedagogs de Galicia)

Outeiro de Rei, 2 de setembro de 2008.  
O Alcalde,